

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DÍA 19 DE MARZO DE 2024-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día 19 de marzo de dous mil vinte e catro ; as nove horas e dez minutos xuntase os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data Alcalde Don César Fernández Gil concelleiros/as: don Miguel García Domínguez, don Juan Carlos Fernández Fernández , dona Yolanda Gómez Gómez.

Está presente o Secretario do Concello, Francisco Fernández Castro.

Está presente o Interventor do Concello, D Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

### **1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior de 12 de marzo de 2024..

### **2.- OBRAS MAIORES.-**

#### **Outorgamento licenza de obras 198 /2024 RIB / N/04.1/24**

Vista a solicitude formulada por dona Patricia Armadas Iglesia en representación de don Francisco Rafael García Pérez para “ Restauración de Pombal” en Trasmesones 13- rúa Oliveira 7, referencia catastral 0624105NG7802S

*Consta no expediente:*

-DOCUMENTACIÓN PRESENTADA:

:

- Proxecto Técnico denominado “Restauración de Pombal”, asinado pola arquitecta técnica D. Patricia Armada Iglesias, colexiada nº 312, e visado con data de 31 de xaneiro polo Colexio Oficial da Arquitectura Técnica de Ourense.
- Oficio de Dirección das Obras a cargo da citada arquitecta técnica.

-Informe favorable da señora Arquitecta Municipal dona Mercedes Alvarez López de 18 de marzo de 2023

-Informe do Secretario municipal.

-“Resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural” relativa ó Proxecto Técnico de Restauración de Pombal.

REXISTRO DE ENTRADA Nº 1.741 DE DATA DE 18 DE MARZO DE 2024.

*A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda :*

Conceder licenza de obras para a execución das obras contempladas no - Proxecto Técnico denominado "Restauración de Pombal", asinado pola arquitecta técnica D. Patricia Armada Iglesias, colexiada nº 312, e visado con data de 31 de xaneiro polo Colexio Oficial da Arquitectura Técnica de Ourense en Trasmeseones 13- rúa Oliveira 7, referencia catastral 0624105NG7802S

## 1 Condicións particulares:

**Estarase ó disposto na Resolución do Consello Territorial do Patrimonio Cultural, relativa á sesión do 08.03.2024, na que se determina:**

*- O remate exterior da fábrica deberá conservar a solución tradicional en revocadura de morteiro de cal en cor branca, prohibindo o rexuntado proposto.*

### **2.-Condicións xerais:**

*En todo caso é de ter en conta que as licencias outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a comprobación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é xurisprudencia reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo da actividade á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.*

**Penalización:** O incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 152 e ss. da Lei 2/2016), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.

**Caducidade:** A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado.

**Nome ou razón social do promotor:** D Francisco Rafael García Pérez

**Prazos:** O prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis (6) meses e o prazo de remate de tres (3) anos, a contar dende o día seguinte ó de notificación da concesión da Licenza de Obras.

## RESPECTO DA SEGURIDADE NA EXECUCIÓN DOS TRABALLOS:

Respecto da seguridade dos traballadores, adoptaranse as medidas mínimas de Seguridade e Saúde, recollidas na Ordenanza Laboral da Construción e demais normativa aplicable.

**Liquidación do ICIO:** Xírase unha liquidación provisional do ICIO por importe de 144,06 euros.

### **3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIDADÁNS.-**

Visto o escrito presentado por **don Victor Manuel Martín Blanco** solicitando acometida de auga en Avenida Redondela 25 1ºD , no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, acorda conceder o dereito de acometida para uso domestico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 7-2--2024 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo

Visto o escrito presentado por **don Pablo Gómez Seoane** solicitando acometida de auga en Porta Nova de Abaixo 25 , no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, acorda conceder o dereito de acometida para uso domestico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 28-2-2024 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo

Visto o escrito presentado por **don Juan Palacios Urda** solicitando acometida de auga en Avenida Redondela 17 3ºB , no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, acorda conceder o dereito de acometida para uso domestico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 4-3-2024 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo

Visto o escrito presentado por don **Julio Feijoo Lafuente** solicitando acometida de auga en Carretera San Paio 46 , no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, acorda conceder o dereito de acometida para uso domestico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 1-3--2024 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo

Visto o escrito presentado por dona Vanesa Moreiras Crespo solicitando acometida de auga en Rúa Ribeiro 73 baixo , no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmoible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, acorda conceder o dereito de acometida para uso domestico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 7-3-2024 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo

Solicitud de don Juan Carlos Deaño Fariña de cambio de titularidade de sepultura de don Antonio Deaño Iglesias e Concepción Fariña González a nome de don Juan Carlos Deaño Fariña.

A xunta de goberno, por unanimidade, acorda acceder ao solicitado.

Escrito de don Francisco José Muñiz Ferro, en representación de Irmandade Deportiva Os Sarmientos no que expón:

Dadas as obras realizadas na pista central do pavillón O Consello e a conseguinte modificación do terreo de xogo.

Solicita:

- 1) Colocar as proteccións na zona das gradas nas pistas de Mini basket, para evitar a posible sanción nos seguintes partidos.
- 2) Colocar ditas canastas a altura reglamentaria de 260 cm.
- 3) Colocar ou arranxar todas as redes de ditas canastas.

A xunta de goberno acorda tomar coñecemento e comunicar que se subsanará a maior brevidade.

Escrito de don Juan Francisco Centrón Montero, con rexistro de entrada no concello 1788 de 18 de marzo de 2024, no que solicita a reparación do alcantarillado e consolidación de muro en Ventosela en finca da súa propiedade.

A xunta de goberno acorda tomar coñecemento e comunicar que se analizará a situación e a solución a aportar polo concello.

#### **4.- ESCRITOS OFICIAIS.**

#### **5.- CUESTIÓNS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.**

**APROBACIÓN LISTADO COBRATORIO DA TAXA POLO SUBMINISTRO DE AUGA  
1º TRIMESTRE DO 2024.-**

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, presta a súa aprobación ao listado cobratorio da taxa polo subministro de auga, 1º trimestre do 2024, por importe de 49.245,54 euros, tarifa de depuración por importe de 9.554,51 euros, máis 5.893,50 euros de IVE, resultando un total de 64.693,55 euros.- Así mesmo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda aprobar o listado cobratorio da taxa de depuración de residuais, correspondente ao 1º trimestre do 2024, por importe de 18.290,71 euros, Canon de auga fixo da Xunta, por importe de 8.342,53 euros e Canon de auga variable da Xunta, por importe de 8.103,97 euros.- Así mesmo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda fixar como periodo cobratorio entre o 1 de Abril e o 21 de Maio de 2024”.

**PETICION DE SUBVENCIONS.-**

Vista a Orde do 7 de febreiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024, publicada no DOG nº 38 do xoves 22 de febreiro de 2024, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1. Constituír unha agrupación cos concellos de Carballeda de Avia e Castrelo de Miño aos efectos de solicitar unha subvención ao abeiro da citada orde, e nomear como representante ou entidade promotora da agrupación ao Concello de Ribadavia.
2. Aprobar o proxecto de “Territorio: Avia-Miño”.
3. Solicitar unha subvención á Consellería de Emprego e Igualdade para a execución de dito proxecto, para 20 alumnos.

**CERTIFICACIÓN Nº 2 E FINAL DA OBRA DENOMINADA  
“MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS NO CONCELLO DE RIBADAVIA.-**

Dase conta á Xunta de Goberno Local da certificación nº 2 e final da obra denominada “Mellora de camiños municipais no Concello de Ribadavia”, redactada pola Técnico Director da Obra Don Salvador Añel Prada, executado pola empresa Aopil S.L., por un importe total de 28.235,78 euros.

A Xunta de Goberno Local deliberado sobre o particular adopta por unanimidade os seguintes acordos:

1. Aprobar a certificación nº 2 e final, anteriormente indicada por importe de 28.235,78 euros, aboamento que se fará con cargo ás aportacións da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) e o Concello de Ribadavia.
- 2.- Aprobar a factura emitida pola empresa Aopil S.L. co nº 408200026 de data 15.03.2024, pola mesma cantidade.

**APROBACIÓN DO PADRÓN COBRATORIO DA TAXA POLA RECOLLEITA DE LIXO.-**

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, préstalle aprobación ao Padrón Cobratorio da Taxa por a Recolleita de Lixo, correspondente ao exercicio 2024, por importe de 244.365,09 euros. Así mesmo, acorda sinalar o período de cobranza voluntario da Taxa de Recolleita de Lixo correspondente ao presente exercicio económico fixando o prazo entre o 15 de Abril e o 17 de Xuño de 2024.”

### **CESION DE DEREITOS DE COBRO**

Vista a solicitude de Galcaevents S.L. relativo a de cesión de dereito de cobro de factura núm. GC 12, de data 29/02/2024 pola asistencia técnica no funcionamento, conservación e mantemento do aparcamento municipal realizados por importe de 5.647,60 euros, a prol da mercantil Empresas Unidas Printes S.L, con CIF B72730104.

Dado que a factura foi efectivamente presentada e rexistrada nesta Entidade local cos datos que na mesma sinálanse.

Que á citada solicitude acompañalle a correspondente aceptación da cesión por parte da Mercantil Empresas Unidas Printes S.L, con CIF B72730104.

Vista a Sentenza do Tribunal Supremo, sala do contencioso administrativo, sección 3ª, 1483/2021 de 15 de decembro de 2021, e a Circular conjunta de la Abogacía del Estado e IGAE de 22 de xuño de 2016, en cuxo folio 11 se indica que notificado o acordo de cesión á administración do del dereito de cobro, esta ostenta unha posición pasiva e non hai outra alternativa que efectuar o pago ao cesionario.

Visto o informe emitido pola asesoría xurídica de espulblico a consulta efectuada polo concello na que se conclúe:

“Primera. La validez del endoso o cesión de créditos no requiere la aceptación de la Administración, perfeccionándose por el simple de voluntades entre cedente y cesionario, sin que la notificación fehaciente al deudor suponga un requisito constitutivo.

Por consiguiente, no cabe condicionar la cesión de créditos a la exigencia de la certificación de hallarse el cedente sin deudas fiscales o con la Seguridad Social.

Segunda. La eventual existencia de deudas con la Seguridad Social como causa sobrevenida de prohibición para contratar prevista en el artículo 71.1.d) LCSP no afectará la validez de la cesión de créditos ni es causa de resolución del contrato adjudicado.

Tercera. La inexistencia de diligencia de embargo de deudas con la Seguridad Social antes de la cesión del crédito supone la prioridad del cobro de la entidad cesionaria o endosataria, de tal forma que la existencia de posibles deudas contraídas con la Seguridad Social no invalidará la cesión de créditos.”

Visto que o artigo 200 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de

2014 establece que “Os contratistas poderán ceder o seu dereito de cobro fronte á Entidade local”, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda:

1º.- Tomar coñecemento da cesión do dereito de crédito de factura núm. GC 12, de fecha 29/02/2024 pola asistencia técnica no funcionamento, conservación e mantemento do aparcamento municipal realizados por importe de 5.647,60 euros, a prol da mercantil Empresas Unidas Printes S.L, con CIF B72730104.

2º.- Notificar o presente acordo o cedente, cesionario e os servicios de Intervención e Tesoureria municipal.

## **6.-ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo.

E sendo as nove horas e trinta e cinco minutos e non habendo máis asuntos que tratar se levanta a sesión do que como secretario extendo a presente acta.